

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL O DÍA 27 DE ABRIL DE 2007.**

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS. (CIM)

SRES.CONCELLEIROS.-

DON JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL. (CIM)

DONA EVA VILARIÑO GÓNZALEZ. (CIM)

DON JESÚS VEIGA SABÍN. (PP)

DON JUAN JOSÉ HERVA MALLO. (PP)

DON LUIS PURRIÑOS PENA .(CIM)

DON JOSÉ PAZ TENREIRO. (PP)

DON MANUEL JOSÉ PÉREZ MARTÍNEZ .(PP)

DON MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO. (BNG)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ. (non adscrito)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DONA ROSARIO MANSO LÓPEZ. (CIM)

DON ANTONIO MEDÍN PENA. (PP)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (CIM)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

No Local habilitado como Casa do Concello en Miño ás once horas e quince minutos do día 27 de abril de 2007, reúnense os Sres. concelleiros que se acaban de citar e coa presenza do Sr. alcalde-presidente, co obxecto de realiza-la sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do pleno correspondente ó día 23 de abril de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACION DA DEPUTACIÓN 2007.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

“Vista as bases reguladoras do **Plan de cooperación provincial (PCP) 2007** e a necesidade de aprobar os proxectos que se relacionan a continuación antes do 30 de abril de 2007, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, proponlle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. “Aprobar o Plan de cooperación da deputación (PCP) 2007 cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e no que se recollen os investimtnos que o Concello ten previsto realizar no PCP 2007, de acordo co financiamento que se indica:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento
Beirarrúas en Bemante-Límite Vilarmaior	189630,48 €	14303,55 €	203934,03 €
Totais	189630,48 €	14303,55 €	203934,03 €

2. Aprobar os proxectos dos investimentos incluídos na anulidade 2007 que se relacionan no punto anterior.
3. Aprobar o Plan complementario do ano 2007 no que se inclúen os investimentos que a continuación se indican, para ser financiados cos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación dos investimentos ou pola súa anulación, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan:

Denominación do investimento	orzamento
Iluminación pública na estrada Pousadoira, Retriz e A Picota	53024,42 €
TOTAIS	53024,42 €

4. Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimetnos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
5. No caso de existir achega municipal, comprometerse o Concello a incluír no Orzamento municipal do 2007 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2007.
6. Solicitalle á Excma Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución dos investimentos incluídos no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.
7. Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Sguridade Social nas que se acredite que o Concello estea ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8. Facultar expresamente o Sr. alcalde para todoo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sometida a proposta da Alcalía a votación, obtense o seguinte resultado:
10 votos a favor da CIM, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Plan de cooperación da Deputación 2007, por unanimidade dos presentes.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás once horas e vinte minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal